



Na imaxe pequena: Antón Tovar (1921-2004). Na imaxe grande: o poeta, na súa casa, nun fotograma dun documental realizado por RTVE.

Anda a rematar o ano e non quero deixalo ir sen ter unha lembranza para un poeta que moito o merece e do que neste 2021 se cumpriu o centenario de nacemento: estou a me referir ao ourensán Antón Tovar, quen veu ao mundo no lugar da Pereira, en Rairiz de Veiga, un 23 de outubro.

Tovar viviu de neno algún tempo en Celanova, mais non tardou en se trasladar coa súa familia a Ourense. De mozo principiou estudos de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago en 1940, mais ben pronto interrompeu a carreira para ingresar como novizo cos xesuítas en Salamanca, onde tampouco durou moito, pois abandonou a orde en 1942. Nese mesmo ano gañou por oposición un posto como funcionario de Facenda, no que permaneceu ata 1967, cando foi obrigado a dimitir pola súa militancia no Partido Comunista. Dende ese intre ata a xubilación foi empregado da emblemática librería Tanco de Ourense.

A mediados dos cincuenta comezou a súa andaina poética, de primeiras en castelán, mais non tardou en afincar no galego, que faría a súa lingua de creación xa definitiva. Neste idioma o seu título inicial foi *Arredores* (1962), ao que logo seguiron outra media ducia de obras referenciais como son *Nor* (1967), *Calados esconxuros* (1980), *Berros en voz baixa* (1990), *A nada destemida* (1991) e *Cadáver adiado* (2001) e dúas compilacións da súa produción: *Poesía galega completa* (1974) e mais

Crónica dun poeta revoltado

100 anos de Antón Tovar

ARMANDO REQUEIXO

Foi en vida un poeta reservado, que non gustaba de participar en actos públicos, evitando os recitais e as conferencias. O seu era a escrita e a súa sinatura pode atoparse, aquí e acolá, en diversas revistas da segunda metade do pasado século tanto galegas coma do resto do Estado e incluso da Galicia emigrante como *Arfóra*, *Atlántida*, *Chan*, *Dorna*, *Fablas*, *Follas Secas*, *Galicie-80*, *Irmandade*, *Po-sío*, *Trebo* ou *Vieiros*, ademais de nalgúns xornais galegos, sobre todo *La Región*.

Os derradeiros anos de Tovar balsamizaron algo a que el consideraba a súa vida 'realista, ou sexa, pesimista', e viu como o nomeaban membro de honra da RAG, lle ofrecían algunhas homenaxes públicas, o nomeaban fillo predilecto de Rairiz de Veiga e o distinguían con galardóns como o Celanova, Casa dos Poetas, que veu sumarse

ao Premio da Crítica de Galicia que gañara con *Calados esconxuros* ou o Premio Losada Diéguez que obtivera por *Berros en voz baixa*.

Marchou unha madrugada de verán, tras unha longa enfermidade que o tivo recluso durante moito tempo na súa casa, onde vivira sempre mergullado entre libros e lume de tabaco.

Realista, pesimista

Hoxe é un poeta apreciado polos entendidos e frecuentado polos degustadores líricos, pero abondo descoñecido para o público xeral. Oxalá estas liñas sirvan para que outros o descubran. Levarán a agradable sorpresa da fondura dunha voz poética eterna, que se revolta contra a caducidade da finitude humana.

Poesía en galego I (1962-1975) e *Poesía en galego II* (1980-2001), estes dous últimos volumes aparecidos xa postumamente en 2005, pois o escritor falecera o 16 de xuño do ano anterior.

Amáis da súa importante escrita poética, Tovar publicou tamén o libro de relatos *A grande ilusión e outros contos* (1989) e dous valiosos diarios ensaísticos: *Diario sen datas* (1987) e mais *Diario íntimo dun vello revoltado* (2001). Curiosamente, malia a innegable importancia da súa contribución á literatura galega do pasado século, Tovar foi un autor durante moito tempo non suficientemente atendido, sendo, como era, unha das voces senlleiras da que Ferrín chamou a *Promoción de Enlace*, isto é, a xeración de creadores nacida na década dos vinte da pasada centuria que protagonizaron boa parte da nosa escrita dos anos cincuenta, sesenta e setenta. Secasí, co andar do tempo e, sobre todo, cara ao final da súa vida, a obra de Tovar foi alcanzando maior eco, viuse reeditada nalgúns casos, traducida noutros, antologada noutros máis e, como xa dixen, mesmo compilada nas súas obras completas e musicada.

Tovar foi un escritor transido pola lucidez do pesimismo, o imo do íntimo e a preocupación social. Máis aínda: parte da súa obra transita os códigos existencialistas e non poucos dos seus textos afondan na problemática da transcendencia e do relixioso. Todo o anterior explica que del deixara dito Risco

que era "o poeta da profundidade e do silencio"; que Manuel María o cualificara como "un poeta fondo, auténtico"; que Basilio Losada o vise como "o poeta da autenticidade e da anguria existencial"; Carlos Casares como "o poeta da fondura"; Ricardo Carballo Calero como "o poeta do desacougo"; Luís Rei Núñez como "poeta do pavor á realidade circundante"; Anxo Tarrío como "poeta da dor" e César Antonio Molina como "voz da soledade". Mais sendo o anterior estritamente certo, non o é menos que tamén nos versos de Tovar se atopan luzadas dedicadas á súa paisaxe máis querida, nomeadamente a do seu lugar natal, mais tamén a de toda Auria, mesmo a tipos e persoas desa contorna e a tradicións identitarias da mesma, como, poño por caso, a épica vitivinícola do Ribeiro, a heroica dos afiado-

res de Luínta ou a mítica da Limia, entre outros.

Lector impenitente dende novo de Cabanillas, Noriega, López Abente e, sobre todo, de Rosalía, en vida traxou amigablemente a próceres conterráneos de seu como Otero Pedrayo, Risco ou Cuevillas, influencias todas presentes, en maior ou menor medida, na súa escrita, como tamén o están as súas preferencias por Curros, Rubén Darío, Machado, Baudelaire, Francis Jammes, Blas de Otero, Teixeira de Pascoas, Pessoa, Antero de Quental ou Torga.

